

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 24 de abril de 2025 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo e na Sala Manolo Ramos, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 12 de marzo de 2025.
- * Aprobación dunha modificación do calendario académico do curso 2025-2026.
- * Aprobación do cambio de adscrición do campus de Ourense ao Campus de Vigo do profesor Diego Carou Porto (Dpto. T01).
- * Aprobación da tramitación da modificación non substancial do Programa de Doutoramento en Turismo.
- * Aprobación da tramitación das modificacións non substanciais dos títulos de Grao en Educación Infantil e Grao en Educación Primaria para a súa adaptación ao RD 882/2021.
- * Aprobación da convocatoria de axudas propias para a mobilidade de persoal investigador da Universidade de Vigo, 2025.
- * Non aprobación da creación da spin off Mus Modular.
- * Ratificación dun novo membro da Comisión de Publicacións do sector estudantado de doutoramento: Iago Rodríguez Diéguez.
- * Aprobación do Plan Estratéxico 2024-2027 do Campus de especialización CREA.

A secretaria xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.